

**M^a DEL CARMEN MERINO MOÍNA, SECRETARIA DO CONCELLO DE MEIS
(PONTEVEDRA)**

CERTIFICO:

Que na sesión realizada pola Xunta de Goberno Local deste Concello o día 11 de xuño de 2020, entre outros adoptouse o acordo que literalmente di:

“5.- Aprobación definitiva constitución xunta de compensación, aprobación dos seus estatutos e bases de actuación para finalización da urbanización do SUI-1 de Meis (Vilanoviña-Paradela).

A Secretaria dá lectura á seguinte proposta da Alcaldía:

“ANTECEDENTES.

I.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Meis, en sesión de o 11-08-2004, aprobou definitivamente o Plan Parcial de desenvolvemento do solo clasificado como solo urbanizable industrial (SUI.1) no PXOM deste Concello, sito na paraxe As Covas, lugar de Vilanoviña-Paradela, cuxos terreos correspondían a un único propietario, promotor do Plan: "Carballo Cocinas SA" (con posterioridad cambio de denominación social a "Industrias Carballo para la Tecnología del Mueble S.A.).

II.- "Carballo Cocinas SA" (posteriormente denominada "Industrias Carballo para la Tecnología del Mueble S.A.) presenta documento de PROXECTO DE URBANIZACIÓN, en execución do Plan Parcial do solo industrial existente en "As Covas" Vilanoviña –Paradela, que resultou aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 19-01-2006.

III.- A empresa foi declarada en concurso de acreedores no ano 2011, a partir do cal estivo intervida por un administrador concursal.

IV.- Resultaron adquiridas a "Carballo Cocinas SA" e "Industrias Carballo para la tecnología del Mueble SA", diversas parcelas que na actualidade son propiedade, entrountros, de: "Sigaltec SL"; "Topiber SL" e de D. Ramón Vázquez Vázquez-Núñez, D. José Abal Domínguez, D. Daniel Carlos López Mato.

V.- D. Javier Touris Nogueira en representación de "Sigaltec SL", D. Ramón Vázquez Vázquez-Núñez en representación de "Topiber SL" e en nome propio, e D. José Abal Domínguez & D. Daniel Carlos López Mato en nome propio, todos eles propietarios que acadan máis do 50% da superficie total do ámbito, presentan no Concello solicitude e documentación para aprobación do "Proxecto de Estatutos" e de "Bases de Actuación" para constitución da Xunta de Compensación que promoverá o desenvolvemento do SUI –1 existente en As Covas- Vilanoviña- Paradela.

VI.- Os anteriores propietarios de parcelas incluídas no Plan Parcial, interesados na finalización do desenvolvemento urbanístico do mesmo, encargan a "Espinosa & Rodríguez architects projects managers S.L.P." a redacción dos documentos necesarios para ese fin (Proxecto de Estatutos e Bases de Actuación).

Presentan, xunto co "Proxecto de Estatutos" e "Bases de Actuación" para constitución da Xunta de Compensación, documentos relativos á propiedade das tres fincas dos promotores (1.2, 2.1, 2.2) e solicitan ó Concello a relación

de titulares do SUI 1 non incluídos na solicitude e a notificación ós mesmos do inicio da tramitación.

VII.- Esta Secretaría emite informe previo á aprobación inicial con data 31-10-2019

VIII.- O técnico municipal emite informe con data 12-11-2019

IX.-A Xunta de Goberno Local, en sesión de 20-11-2019, adoptou o acordo de aprobación inicial da constitución da Xunta de Compensación, do "Proxecto de Estatutos" e "Bases de Actuación".

X.- Se realizaron notificacións individualizadas do acordo de aprobación inicial a:

Promotores:

"Sigaltec SL", representada por D. Javier Touris Nogueira. (parcela 1.2).

"D.Ramón Vázquez Vázquez-Núñez & D. José Abal Domínguez & D. Daniel Carlos López Mato", que actúan en nome propio (parcela 2.1).

"Topiber SL", representada por D. Ramón Vázquez Vázquez-Núñez (Parcela 2.2).

Titulares catastrais doutras parcelas do ámbito:

Industrias Carballo para la tecnología del mueble (parcela 1.3)

Sociedad de gestión de activos procedentes de la reestructuración (parcela 2.0)

XI.- Publicouse anuncio no BOP de Pontevedra, nº 34 de 19-02-2020, o acordo de aprobación inicial de constitución da Xunta de Compensación, texto completo de estatutos e bases de actuación, por prazo dun mes para información pública. Tamén estivo a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello [[dirección https://meis.sedelectronica.gal](https://meis.sedelectronica.gal)].

XII.- Publicouse no "Faro de Vigo. Arousa", de data 21-02-2020, anuncio da aprobación de constitución da Xunta de Compensación, estatutos e bases de actuación, por prazo dun mes para información pública.

XIII.- Durante o período de un mes de información pública, non se presentou alegación ou reclamación alguna contra o acordo de aprobación de constitución, estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación.

XIV.- No exercicio do dereito dos propietarios non promotores do proxecto, de adherirse e incorporarse ao mesmo e, con iso, á futura Xunta de Compensación; presentouse por parte de Javier Pintos Rivas, solicitude de inclusión na Xunta de Compensación aportando documentación acreditativa da titularidade da parcela 3.

XV.- Declarado o estado de alarma, mediante o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria do COVID19; se mantiveron suspendidos os expedientes administrativos ata o 1 de xuño 2020 (BOE 30-05-2020).

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 123.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e co artigo 303 do seu Regulamento, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro, en relación co artigo 21.1.j) da Lei



7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

A Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente os estatutos e as bases de actuación da Xunta de Compensación a constituír para finalización da urbanización do SUI-1 existente na paraxe As Covas, Vilanova-Paradela

SEGUNDO. Designar como representante do Concello no órgano rector da Xunta de Compensación, á Alcaldesa Dna. Marta Giráldez Barral.

TERCERIO. Publicar no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*, o presente Acordo de aprobación definitiva. Así mesmo, notificárase individualizadamente aos propietarios afectados polo sistema actuación e a quen houberen comparecido no expediente.

Igualmente, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello, dirección "<https://meis.sedelectronica.gal/>"

CUARTO. Requirir aos interesados para que constitúan a Xunta de Compensación, en prazo máximo de tres meses, mediante escritura pública ou documento protocolizado notarialmente onde se designará o cargo do órgano rector, que necesariamente recaerá en persoa física.

QUINTO Remitir o presente Acordo de constitución ao Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras, así como un exemplar dos estatutos e bases da Xunta de Compensación, para a súa inscrición e arquivo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar a proposta da Alcaldía.”

E para que conste, expido este certificado, de orde e co Visto e Prace da Sra. Alcaldesa.

Visto e prace
A alcaldesa

Marta Giráldez Barral

ASINADO ELECTRONICAMENTE